IES FRANCISCO AGUIAR

P.O.A.P.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

INDICE

1.-XUSTIFICACIÓN

2.- PRINCIPIOS

3.-REFERENCIAS LEXISLATIVAS

4.-PRESENTACIÓN DAS ESPECIFICIDADES DO NOSO CENTRO

5.-OBXECTIVOS XERAIS

6.-ACTUACIÓNS

7.-ACTIVIDADES

8.-ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS POR CURSOS E TEMPOS

9.-METODOLOXÍA

10.-RECURSOS

11.-AVALIACIÓN

1.-XUSTIFICACIÓN

O plan de orientación académica e profesional ten como finalidade facilitar a toma de decisións académicas e profesionais, contribuíndo á madurez vocacional e ao desenvolvemento das competencias e capacidades do individuo para a súa inserción social e laboral.. O noso programa de orientación profesional céntrase na orientación académica (optatividade, itinerarios na ESO, modalidades do Bacharelato, oferta e probas de acceso de ciclos formativos, etc.) e no asesoramento sobre distintas vías para poder obter o título de educación secundaria e/ ou unha saída profesional axeitada ás súas necesidades e intereses (educación de adultos, FP Básica,acceso a ciclos).
Neste sentido, podemos falar na etapa de Educación Secundaria dunha dobre finalidade:
- Terminal, isto é, orientar para a inserción laboral.
- Propedéutica, orientar para a continuación de estudios académicos.

1.- PRINCIPIOS

A orientación académica e profesional é unha das áreas de interese prioritario da orientación psicopedagóxica, e é moito máis que unha mera información. Trátase de preparar para a vida laboral desde o sistema educativo, facendo tomar conciencia ao alumnado de que a profesión é un aspecto significativo da vida dunha persoa.

A orientación académica e profesional debe entenderse como un proceso que debe desenvolverse durante toda a educación, adquirindo unha especial relevancia cando o alumno deba escoller materias optativas, e naqueles momentos nos que a elección entre distintas opcións poida condicionar en gran medida o futuro académico e profesional dos estudantes: itinerarios académicos en Bacharelato ou ciclos formativos de Formación Profesional.

O presente plan tentará contribuír a facilitar a toma de decisións de cada alumno/a respecto do seu itinerario académico e profesional.

O Plan de Orientación Académico e Profesional (P.OA.P.) desenvolverase a través da acción titorial, sen menoscabo de que ao longo do curso o D.O. poida e deba intervir directamente, especialmente en cuarto de E.S.O. e segundo de Bacharelato.

O plan de Orientación Académica e Profesional basearase nunha serie de principios:

– A institución escolar debe dar resposta ás demandas d@ alumn@, a familia e a sociedade.

– A orientación supón un proceso de aprendizaxe.

– É un proceso sistemático enmarcado nun período amplo, e non un feito puntual. Terá que ser elaborado e desenvolvido ao longo de toda a escolaridade

– É necesaria a colaboración da institución, os pais, o alumnx e a contorna.

– As actividades enmárcanse dende unha perspectiva interdisciplinar, relacionadas co currículo escolar.

-Debe potenciar a autonomía e a actividade do alumno.

– Debe ter en conta os factores do desenvolvemento evolutivo e as características de cada alumno: persoais, familiares e sociais

– Desenvolver a actividade supón, por parte do alumno, un longo proceso que implica unha aprendizaxe por descubrimento.

-A elección escolar - profesional é unha decisión persoal dx alumnx

2.-REFERENCIAS LEXISLATIVAS

A LOE (Lei /2006 orgánica de educación) sinala no seu artigo 1 como un dos principios da educación:

A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario
para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Asemade, sinala como funcións do profesorado (capítulo 1):

d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.

Normativa da CCAA de Galicia en relación á orientación académico-profesional

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 4/5/2006)

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo : regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 09/08/96)

- Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.(DOG 12/07/10)

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento,a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzasde formación profesional inicial.(DOG 15/07/11)

- D. 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia .

- O. do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo D. 120/1998 (DOG 31/07/98)

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. (BOE 10/12/13)

- Real Decreto 127/2014, de 28 de febrero, por el que se regulan aspectos específicos de la Formación Profesional Básica de las enseñanzas de formación profesional del sistema educativo, se aprueban catorce títulos profesionales básicosJ (BOE 05/03/14)

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CCAA de Galicia. (DOG 29/06/15)

3.- PRESENTACIÓN DAS ESPECIFICIDADES DO NOSO CENTRO

En canto á ESO:

4 cursos de 1º
5 cursos de 2º
5 cursos de 3º
4 cursos de 4º

Unha sección bilingüe inglés- matemáticas-musica

En canto a Bacharelato:
5 grupos de 1º
4 grupos de 2º

Impártense as modalidades de *Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.*

En canto á FP:

2 grupo de Ciclo Superior

Impártese o ciclo de *Xestión de Vendas e Espazos Comerciais.*

PECULIARIDADES DA ESO:

Nos dous últimos cursos da ESO faise necesario orientar ao alumnado cara as decisións que deben tomar: elección de optativas/itinerarios no caso de rapaces de 3º de ESO e elección de estudos post-obrigatorios ou outras alternativas formativas no caso de alumnado de 4º de ESO.

Non obstante, a orientación vocacional concíbese coma un proceso de toma de decisións persoal para o cal o alumno/a debe adquirir capacidades relativas ao coñecemento de si mesmo, das opcións existentes e do proceso de toma de decisións. Todos estes aspectos pódense traballar , en maior ou menor medida, ao longo de toda a etapa.

Sinalar tamén que en 2º e 3º da ESO detéctase unha porcentaxe de alumnado que pode abandonar os estudos, radica ahí a importancia de ofertarlles saídas que propicien rematar a súa formación...ben sexa a través de formación na FP básica- que non se imparte neste Centro ou ben a través da presentación a probas libres que lles permitan acceder á FP.

PECULIARIDADES DO BACHARELATO:

Debido a este carácter de preparación para uns estudos superiores e non dispor da hora presencial de titoría na aula , prantexaranse actividades encamiñadas a información sobre estudos universitarios e profesionais que os deriven á vida adulta con certos niveis de cualificación.

PECULIARIDADES DA FP

A labor orientadora neste caso centrarase no acceso a outros estudos (FP de grao superior,estudos universitarios, outros ciclos formativos) e tamén nos procesos de inserción profesional.

4.- OBXECTIVOS XERAIS

O plan de orientación académica e profesional terá como finalidade facilitar a toma de decisións a cada alumno respecto do seu itinerario académico e profesional, favorecendo así o seu proceso de madurez vocacional, tendendo cara á auto-orientación.

CO ALUMNADO

- Coñecer e valorar, por parte do alumnado, de forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses.
- Aprender a tomar decisións: coñecemento da realidade, manexo de información, análise e previsión,...
- Facilitar información adecuada e precisa sobre as distintas opcións educativas e/ou laborais que ofrece o sistema educativo.
- Familiarizar aos alumnos dos cursos terminais (4º ESO e 2º Bacharelato) e Ciclos Formativos de Formación profesional sobre o mundo do Traballo, asesoramento na procura de emprego.
- Potenciar a autorientación
- Superar prexuízos discriminatorios
- Coñecer as institucións e entidades da contorna

COS TITORES

- Implicarlles na preparación e desenvolvemento do POAP
- Ser receptores das demandas académicas e/ou profesionais do seu grupo
- Participar activamente no POAP

COS PAIS E NAIS OU TITORES

- Informarlles sobre as distintas opcións que propón o sistema educativo, así como coas distintas saídas profesionais.
- Posibilitar unha maior implicación e apoio no proceso de toma de decisións dos seus fillos/as

5.-ACTUACIÓNS

Para a consecución destes obxectivos o Departamento de Orientación levará a cabo os seguintes conxuntos de actuacións:

- Actuacións dirixidas a que os alumnos e alumnas desenvolvan as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións e que coñezan e valoren dunha forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses.
- Actuacións destinadas a facilitar información suficiente ao conxunto do alumnado sobre as distintas opcións educativas ou laborais relacionadas con cada etapa educativa, e de maneira especial sobre aquelas que se ofrezan na súa contorna.
- Actuacións que propicien o contacto do alumnado co mundo do traballo e poidan facilitar a súa inserción laboral.
- Actuacións para a superación de hábitos sociais discriminatorios por razón de sexo, orixe social ou cultural, que condicionan o acceso aos diferentes estudos e profesións.

6.- ACTIVIDADES

✓ COÑECEMENTO DE SI MESMO:

Con este primeiro bloque preténdese que o alumno reflexione sobre si mesmo, descubra as súas destrezas e limitacións, acepte a súa situación e as súas posibilidades de desenvolvemento, efectuando ao final do proceso unha síntese. O titor e os profesores, co asesoramento da orientadora, serán os responsables levando a cabo

estas actividades na aula e en hora de titoría.

Cuestionario inicial e persoal, realizado polos alumnos, para obter unha primeira aproximación da situación académica, persoal e familiar de cada un deles. Actividades centradas no coñecemento de si mesmo: actitudes e aptitudes, intereses, motivacións e capacidades, hábitos e estilos de aprendizaxe, autoestima, capacidade de traballo en grupo, habilidades sociais, valores, personalidade, autoconcepto, etc.

Estas actividades terán o dobre obxectivo de posibilitar o desenvolvemento destes aspectos, ao longo da etapa, por parte dos alumnos;así como que o titor dispoña de información (obtida por diversos medios: actividades individuais e grupales, entrevistas, cuestionarios, etc.) que permita unha orientación máis personalizada aos alumnos.

✓ INFORMACION ACADÉMICA E PROFESIONAL:

Preténdese que cada alumno coñeza qué estudos pode seguir cursando, campos profesionais dentro de cada área, vantaxes e inconvenientes de cada un deles, información sobre a incorporación ao mundo laboral, etc.

Nesta tarefa colaborarán os distintos profesores do Centro informando os alumnos acerca dos estudos relacionados coa materia ou área que imparten, saídas profesionais dos mesmos, perfís das devanditas profesións e a súa implantación no mercado laboral, etc.

Información sobre a nova estrutura do Sistema Educativo e as posibilidades que ofrece despois de cursar o ensino obrigatorio.:

Estrutura do Sistema Educativo: alternativas ao acabar 4º da ESO
Información sobre Bacharelatos.

Información sobre a Formación Profesional.

Información sobre Programas de Atención á Diversidade.

Información sobre outros Ensinos Artísticos, Deportivas

Información sobre a Universidade

Información sobre ABAU

Información sobre bolsas, residencias, colexios maiores.

Información sobre as optativas máis adecuadas en función do itinerario posterior a seguir.

Información sobre formación regrada e tamén sobre outras opcións de formación: (non regrada, ocupacional...)

Información sobre o mundo laboral, información xeral sobre procura de emprego e
onde dirixirse.

✓ PROCESO DE TOMA DE DECISIÓNS:

Neste bloque preténdese que os alumnos integren a información que teñen sobre si mesmos e sobre o ámbito académico e profesional de modo que eles mesmos teñan elementos para poder tomar as súas propias decisións. É dicir, facilitar e posibilitar que en certa medida eles mesmos sexan os protagonistas da súa orientación.

O titor/a levará a cabo estas actividades, co apoio cotiá e na aula . X Orientador asesorará sobre a idoneidade de aplicar determinados procesos e proporcionaralle o material correspondente para desenvolvelas nas sesións tutoriales.

Actividades dirixidas a aprender o proceso de toma de decisións. Serán actividades referidas a situacións escolares e extraescolares, co obxecto de que os alumnos detecten o problema, saiban analizar as variables que operan no mesmo, analicen as distintas posibilidades de solución, valoren as vantaxes e inconvenientes de cada unha delas, e finalmente afronten a decisión.

7.-ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS POR CURSOS E TEMPOS

✓ ACTUACIÓNS DO TRIMESTRE I

Presentación ao Centro dos Plans do Departamento (CCP), abundando na necesidade dunha función de orientación dentro de todas as áreas e un compromiso de todos co labor titorial (personalizadora-socializadora).

Favorecer o cambio de centro e a transición paulatina dos alumnos de 1º da ESO con actuacións enmarcadas no Plan de Acción Titorial: sesións de titoría, xornada de convivencia, reunións de familias-titores, etc.

Especialmente en Bacharelato (pois non conta con hora de titoría semanal) para expoñer as implicacións das distintas opcións. Contidos de 1º: optatividade en 2º de Bacharelato e as súas implicacións na ABAU, ou o acceso a Ciclos de Formación Profesional de Grao Superior.
Neste ámbito estará o profesor de Formación e Orientación Laboral do Centro que actuará coma un axente dinamizador importante na titorización e información do alumnado coas saídas da FP.

Contidos para 2º de Bacharelato: a ABAU, ponderacións e o seu efecto sobre as posibilidades reais, provisión de recursos online para a auto-orientación; estudos universitarios e oferta formativa de FP; estudoSondeo sobre a madurez na decisión do alumnado de 4º da ESO e 2º de Bacharelato.

Titorías por niveis, segundo o Plan de Acción Titorial

✓ ACTUACIÓNS DO TRIMESTRE II

Encontros para a Orientación: charlas con alumnos e familias nos diferentes niveis,estudos artísticos, acceso a Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e ao Exército; outros estudos e Profesións.

Titorías en 1º e 2º da ESO orientadas ao traballo en ámbitos implicados na Orientación Académica e Profesional: Autocoñecemento, Adestramento en toma de decisións, Autoexpectativas, Etc.

Participación na Xornada de Portas Abertas do noso Centro.

Información das Universidades da Comunidade sobre a súa oferta formativa.

✓ **ACTUACIÓNS DO TRIMESTRE III:**

Titorías de 3º da ESO:

Traballo sobre a optatividade en 4º da ESO e as súas implicacións de futuro.

Traballo sobre Orientación en Igualdade.

Titorías de 4º da ESO: traballo sobre opcións académicas ao final da ESO no que se incluirán test vocacionales e toma de decisións.

Titorías específicas para o alumnado de 4º .

Colaboración co Departamento de Formación e Orientación Laboral para realizar as actuacións extracurriculares de Orientación Académica ou Profesional dos alumnos de Formación Profesional de Grao Superior.

8.- METODOLOXÍA

O proceso de orientación académico-profesional debe caracterizarse polo emprego dunha metodoloxía o suficientemente ampla como para contemplar un extenso abano de actividades. Algunhas das técnicas metodolóxicas a empregar poderían ser:

- Estudo de casos.
- Realización de cuestinarios,entrevistas e test.
- Realización de visitas a centros educativos, empresas, asociacións, etc.
- Debates sobre vantaxes e inconvenientes das diferentes opcións.
- Manexo de folletos, información audiovisual e información online sobre saídas académicas e laborais.
- Técnicas de busca de emprego.
- Role-playing.
- Charlas de expertos, traballadores e estudantes.
- Reflexión crítica no proceso de toma de decisións.
- Estudo e análise de guías, folletos, artigos, bibliografía.
- Programas informáticos de orientación vocacional.
- Técnicas de dinámica de grupos.

Tamén será preciso combinar as actividades grupais de carácter informativo e xenérico co asesoramento individual do alumnado que o solicite ao Dpto. de Orientación.

9.- RECURSOS

O Departamento de Orientación facilitará a aqueles membros do ámbito escolar – titores, profesores, pais/nais, alumnos/as- que o soliciten toda aquela información que teña ao seu alcance , xa sexan folletos informativos, cadernos de orientación, ,cuestionarios académicos,páxinas web, información escrita sobre distintas vías tanto académicas coma de búsqueda de emprego ou saídas laborais.

E tamén resultará imprescindible a continua busca e actualización de fontes de información en internet.

A orientadora e outros membros da comunidade educativa serán canles de contacto para realizar charlas , visitas ou outras actividades que poidan precisar axentes externos ao Centro.

Non debe esquecerse o asesoramento individual tanto a pais/nais como alumnado que o precise en momentos puntuais, a tal fin o Departamento tén asignado un horario de atención personalizada.

10.-AVALIACIÓN:

A avaliación permitiranos, sempre dentro duns límites, coñecer ata que punto foi efectivo o plan de orientación e axudaranos a decidir o mantemento ou o cambio de obxectivos, das estratexias de intervención, a temporalización, os recursos, etc.
Os criterios para avaliar o POAP serán:

1. Nivel de consecución dos obxectivos.

2. Actividades realizadas. As planificadas e non realizadas. As incorporadas no proceso.

3. Eficacia das actividades en función do alumnado, do profesorado e das familias.

4. Grao de implicación dos sectores mencionados anteriormente. Cambios operados no centro.

Para a avaliación teranse en conta os seguintes instrumentos:

- Contraste de experiencias.
- Cuestionarios destinados a alumnado, familias, profesores e titores.
- Entrevistas con profesores e alumnos.
- Autoevaluación dos titores.
- Avaliación interna do D.O.

Na memoria final do Departamento de Orientación incluiranse os resultados da avaliación.